



SOLICITUDE DE ADECENTAMENTO DA PRAZA MAIOR

Antía Nieves Rodríguez, concelleira do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposta a respecto do estado da Praza Maior de Escairón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Praza Maior de Escairón é lugar de reunión e esparcemento da veciñanza do noso concello. É habitual que nela estén @s nen@s xogando, montando en bicicleta, etc.

Ultimamente o estado de limpeza da mesma deixa bastante que desexar, non recordando @s veciñ@s a última vez que se limpou e baldeou.

Ademais, o problema da limpeza vense agrabado porque na mesma praza hai unha illa de recollida de lixo, sendo habitual ver cristais, cartóns e ultimamente ata restos dunha obra na mesma.

Tamén, dita praza carece de mobiliario Urbano (bancos, papeleiras) e o estado da iluminación pública tamén é deficiente.

Por todo iso, o Grupo do BNG, **SOLICITA:**

- 1. Que se proceda á limpeza e baldeo da Praza.**
- 2. Que se retire a illa de recollida de lixo do medio da Praza e se busque unha alternativa para a súa colocación.**
- 3. Que se coloque algún banco, papeleira, árbore para humanizala.**
- 4. Que se mellore o alumeadado público da mesma.**

Escairón, xuño de 2017

Asdo Antía Nieves Rodríguez